

ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

3.3 RELACIÓN VALORADA DE BENS AMORTIZABLES QUE ACHEGA A ENTIDADE PROMOTORA:

CONCEPTO	PERÍODO DE AMORTIZACIÓN (AÑOS)	COEFICIENTE APLICADO ⁽¹⁾	DATA 1ª ADQUISICIÓN	VALOR DE ADQUISICIÓN ⁽²⁾

⁽¹⁾ Segundo as táboas anuais de coeficientes de amortización.

⁽²⁾ Xustificar con factura de adquisición.
Se o necesita continúe en follas adicionais.

3.4 OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO:

ENTIDADE	FINALIDADE	IMPORTE
TOTAL		

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 6 de marzo de 2002 pola que se adscribe con carácter definitivo ó Instituto de Educación Secundaria Ricardo Carballo Calero de Ferrol (A Coruña) o profesorado que se relaciona no anexo.

Advertidos erros na devandita orde publicada no DOG nº 68, do martes 9 de abril de 2002, cómpre face-la seguinte rectificación:

Na páxina 4.514, columna dereita, no anexo, onde di: «DISCIPLINA, PERRUQUERÍA (591203)», debe dicir: «DISCIPLINA ESTÉTICA (591203)».

Orde do 12 de abril de 2002 pola que se regula a admisión do alumnado nos ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.

A Lei orgánica 8/1995, do 3 de xullo (BOE do 4 de xullo), reguladora do dereito á educación, establece os criterios básicos de admisión de alumnos e alumnas nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), e o Real decreto 676/1993, do 7 de maio (BOE do 22 de maio), establecen as características da formación profesional específica, organizada en ciclos de grao medio e superior.

A Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro (BOE do 21 de novembro), de participación, avaliación e goberno dos centros docentes, no seu punto 2 da disposición adicional terceira, regula os procedementos de admisión do alumnado nas ensinanzas de grao superior de formación profesional.

O Real decreto 777/1998, do 30 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación

da formación profesional no ámbito do sistema educativo, modifica os requisitos de acceso determinados nos reais decretos polos que se establecen os títulos de técnico superior e as correspondentes ensinanzas mínimas e aplica novos criterios nos procedementos de admisión de alumnos ós ciclos formativos de grao superior. Así mesmo habilita, na súa disposición derradeira primeira, ós órganos competentes das comunidades autónomas para dicta-las normas precisas para a súa aplicación e desenvolvemento.

A disposición derradeira primeira do Decreto 239/1995, do 28 de xullo (DOG do 16 de agosto), establece a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional e as directrices sobre os seus títulos, autoriza o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a dicta-las disposicións correspondentes para o desenvolvemento deste decreto.

O Decreto 87/1995, do 10 de marzo (DOG do 28 de marzo), polo que se regula a admisión de alumnos e alumnas en centros sostidos con fondos públicos de educación infantil, primaria e secundaria, establece na súa disposición adicional cuarta que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as normas específicas para regula-lo acceso ós ciclos formativos de grao superior.

A implantación de ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica realizada en Galicia presenta unha gran diversidade en función das demandas e posibilidades do sistema productivo. Polo que o proceso de admisión do alumnado ofrece unha certa complexidade para poder ter en conta as diversas opcións manifestadas polos solicitantes e poder asignar tódalas prazas existentes nas diversas localidades. A informatización do proceso require introducir modificacións da normativa reguladora da admisión de alumnos nos ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica para poder conseguir unha maior eficacia e axilidade. Polo tanto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Ámbito de aplicación.

Esta orde será de aplicación ós procesos de admisión do alumnado que desexe cursa-las ensinanzas de

ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica en centros sostidos con fondos públicos do ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Formas de acceso ós ciclos formativos de grao superior.

1. Accederase ós ciclos formativos de grao superior mediante acceso directo ou a través da proba regulada pola Orde do 1 de abril de 2002. Estas dúas formas de acceso son incompatibles. En todo caso, ó acceso mediante proba unicamente poderán concorrer as persoas que carezan dos requisitos académicos que posibiliten o acceso directo.

2. Para o alumnado que acredite ter superada a proba de acceso reservarase, cando menos, o 20 % das prazas que se oferten para cada ciclo formativo de grao superior de formación profesional específica.

3. As prazas establecidas para o acceso mediante proba e as de acceso directo son acumulables entre si. A dita acumulación será realizada pola comisión que se establece no punto noveno desta orde, logo de coñecemento dos datos enviados por cada centro.

Terceiro.-Prazo de presentación de solicitudes de admisión.

1. A Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional establecerá anualmente o prazo de formalización da solicitude de admisión.

Aquel alumnado que poida acadar os requisitos académicos requiridos para o acceso directo na convocatoria extraordinaria de setembro deberá presentar a solicitude de admisión no prazo citado anteriormente, á que xuntará a certificación acreditativa dos requisitos académicos no prazo que se estableza no mes de setembro.

O alumnado de acceso mediante proba debe formalizar tamén a solicitude de admisión no prazo establecido.

2. Antes do inicio do período de admisión, a delegación provincial correspondente comunicarlles ós centros o número de grupos e prazas que ofertará para cada ciclo formativo autorizado.

Cuarto.-Documentación que se presentará coa solicitude de admisión.

1. Cada solicitante presentará unha única instancia, segundo o modelo que se estableza, que entregará no centro no que se imparte o ciclo solicitado en primeiro lugar. Na instancia farase constar, por orde de preferencia, os ciclos que desexa cursar e os centros onde se imparten. No modelo de solicitude determinarase o número de ciclos e centros que se vaian solicitar. Xuntarase á solicitude a documentación acreditativa de tódolos requisitos académicos e xustificantes dos criterios de baremación:

a) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

b) Os solicitantes de acceso directo xuntarán certificación oficial dos últimos estudos cursados, na que figuren as cualificacións das diferentes materias e na que conste ter efectuado o depósito do título, se é caso. Para facilita-lo proceso de admisión establecerase un modelo específico de certificado de estudos que será utilizado polos centros expedidores.

c) Os solicitantes de acceso mediante proba xuntarán certificado da superación da proba de acceso ós ciclos formativos solicitados.

2. No caso de que a persoa solicitante presente máis dunha instancia, non se terá en conta ningunha delas e procederase á súa escolarización ó final do proceso, se houberse praza. De igual forma procederase respecto das instancias que se presenten fóra de prazo.

3. A falsificación ou ocultamento de datos implicará quedar excluído do proceso de admisión.

Quinto.-Requisitos para o acceso directo.

1. Para acceder directamente ós ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica, será preciso estar en posesión do título de bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

2. Tamén terán acceso directo as persoas que posúan algún dos requisitos académicos seguintes:

a) Ter superado o segundo curso do bacharelato experimental regulado pola Orde ministerial do 21 de outubro de 1986 (BOE do 6 de novembro).

b) Ter superado o curso de orientación universitaria ou preuniversitario.

c) Estar en posesión do título de técnico especialista, técnico superior ou titulación equivalente para efectos académicos.

d) Estar en posesión dunha titulación universitaria ou equivalente.

Sexto.-Prioridades e proceso de baremación para o acceso directo.

1. Para a admisión do alumnado de acceso directo nos centros sostidos con fondos públicos ás ensinanzas de ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica, cando non existan prazas suficientes, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de prioridade:

a) Ter superada algunha das modalidades de bacharelato que se determinan para cada ciclo formativo ou algunha das opcións de COU que se consideran equivalentes, segundo se establece na terceira columna do anexo II desta orde, ou algunhas das modalidades equivalentes do 2º ciclo de bacharelato experimental, segundo se indica no anexo III.

b) Ter superada algunha das modalidades de bacharelato, curso de orientación universitaria ou 2º ciclo de bacharelato experimental, distintas das establecidas no punto anterior.

c) Estar en posesión do título de técnico especialista, técnico superior ou equivalente.

d) Estar en posesión dunha titulación universitaria ou equivalente.

2. Dentro de cada un dos colectivos indicados nos puntos anteriores, a orde de admisión nos ciclos formativos de grao superior establecerase segundo os seguintes criterios por orde de prioridade:

a) Maior nota media no expediente académico.

b) Ter superadas as materias de bacharelato que se indican na columna cuarta do anexo II desta orde.

c) Maior nota ou maior nota media, se é o caso, na materia ou materias indicadas no anterior punto b.

d) Sorteio que será efectuado ante a comisión autonómica de escolarización.

3. Procedemento para cálculo da nota media do expediente académico.

a) No caso dos solicitantes que cursaran o bacharelato que se establece na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, a puntuación obtida como media aritmética das cualificacións acadadas nas diferentes materias de ámbolos dous cursos, expresada con dúas cifras decimais.

b) Para o alumnado procedente do bacharelato unificado e polivalente e do curso de orientación universitaria, a nota media do expediente obtérase dividindo entre catro a suma da nota media de cada un dos cursos de BUP máis a de COU.

c) Sempre que sexa necesario, para a obtención da nota media do expediente transfórmanse a cualificación cualitativa en cuantitativa, empregándose as seguintes equivalencias: suficiente= 5,5; ben= 6,5; notable= 7,5; sobresaliente e matrícula de honra= 9.

O resultado de aplica-las equivalencias indicadas anteriormente exprésase como media aritmética das cualificacións medias de tódolos cursos que integran os respectivos plans de estudo, con dúas cifras decimais.

d) Para determina-la media do expediente académico non se considerarán as materias ou áreas que o alumno teña validadas ou nos que estivera exento. Así mesmo non se terá en conta para calcular a nota media dos alumnos que cursaron o bacharelato establecido pola Lei 1/1990, do 3 de outubro, a materia de relixión en cumprimento do establecido no Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro (BOE do 26 de xaneiro).

4. Os solicitantes que cumpran os requisitos en setembro serán baremados segundo os criterios indicados nos puntos anteriores pero integranse nas listas despois dos que cumpriron os requisitos en xullo.

Sétimo.-Prioridades para o acceso mediante proba.

No caso de que o número de solicitantes de acceso mediante proba supere o número de prazas dispoñibles, para determina-los admitidos aplicaranse os seguintes criterios de prioridade:

a) Maior puntuación na cualificación da proba de acceso.

b) En caso de empate, sorteo ante a comisión autonómica de escolarización.

Oitavo.-Órganos competentes para resolve-la admisión do alumnado.

O consello escolar de cada centro público é o órgano competente para decidi-la admisión dos alumnos que solicitan as ensinanzas que nel se imparten, con estric-ta suxeición ó establecido nesta orde e disposicións que a desenvolvan. Nos centros privados concertados, os titulares serán os responsables do estricto cumprimento das normas xerais sobre a admisión de alumnos e corresponde ó consello escolar garanti-lo seu cumprimento.

Noveno.-Informatización do proceso de admisión.

1. A Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, a través da Subdirección Xeral de Formación Profesional e de Educación de Adultos, responsabilízase de realiza-la informatización do proceso de admisión de alumnos para cursa-los ciclos formativos de grao superior.

2. En cada provincia coordinará o proceso de admisión un inspector ou inspectora designado polo delegado provincial.

3. Constituirase a comisión autonómica de escolarización con ámbito de actuación en toda a Comunidade Autónoma, que estará integrada por:

Presidenta: a directora xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional ou persoa en quen delegue.

Secretario, con voz e sen voto, un funcionario da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

Vocais:

Un representante da *Federación de Asociacións de Pais de Alumnos*.

Un director ou directora, preferentemente dun Instituto de Educación Secundaria que imparta ciclos de grao superior, membro da Xunta Autonómica de Directores.

Un representante do Consello Galego de Formación Profesional.

A xefa do Servizo de Formación en Empresas e Orientación Laboral.

Un asesor técnico nomeado pola Subdirección Xeral de Formación Profesional e de Educación de Adultos.

O inspector coordinador do proceso de admisión de alumnos de cada unha das provinciais.

4. Funcións da comisión autonómica de escolarización:

a) Coordinar e supervisa-lo proceso de admisión de alumnos nos ciclos formativos de grao superior.

b) Supervisa-lo proceso de informatización que se realice para adxudicación de prazas nos ciclos formativos de grao superior.

c) Elaborar e remitir ós centros e ás delegacións provinciais as relacións provisionais de solicitantes ós que se lles adxudica praza para a súa aprobación e publicación polo consello escolar de cada centro.

d) Informa-las reclamacións que teña que resolver en última instancia a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación profesional.

e) Emitir dictame de escolarización sobre as solicitudes de alumnos con necesidades educativas especiais.

5. Os membros da comisión poderán percibir asistencias, axudas para gastos e de locomoción por concorrer ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Décimo.-Execución do proceso de admisión.

1. Os centros docentes publicarán no taboleiro de anuncios as prazas que oferten nos diferentes ciclos de acordo coa autorización recibida.

2. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes e realizada a súa baremación, o consello escolar aprobará e publicará a relación provisional de solicitantes ordenados alfabeticamente con indicación da puntuación acadada e as opcións priorizadas.

3. Os directores remitiranlle á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, como resultado da baremación, os datos dos solicitantes no soporte informático que ésta lles facilite, de acordo coas instrucións dadas para o efecto.

4. A Subdirección Xeral de Formación Profesional realizará a informatización do proceso a través do que se obterán as relacións de solicitantes admitidos ás prazas ofertadas que, unha vez aprobadas pola comisión establecida no punto noveno, serán remitidas ás delegacións provinciais e a cada un dos centros para a súa aprobación polo consello escolar.

5. Este proceso desenvolverase ó longo do mes de xullo, setembro e outubro, segundo as instrucións dictadas pola Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional nas que se establecerán as distintas fases e calendario.

Décimo primeiro.-Información pública do proceso.

Os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán dar unha información exhaustiva de todo o proceso de admisión de alumnos, expoñendo nos seus tableiros de anuncios coa suficiente antelación o seguinte:

a) Normativa reguladora da admisión e matrícula do alumnado.

b) Oferta global de ciclos formativos de grao superior na comunidade autónoma.

c) Calendario de realización das diversas fases do proceso de admisión e matrícula, especialmente, as datas de publicación das listas de admitidos, así como dos prazos de reclamacións sobre as resolucións do consello escolar.

Décimo segundo.-Reserva de prazas para alumnado con necesidades educativas especiais.

A Administración educativa reservará, cando menos, o 3% das prazas que oferten en cada ciclo formativo de grao superior para aquelas persoas con algún grao de discapacidade física, motora ou sensorial acreditado, que obtivesen dictame favorable da comisión autonómica de escolarización.

Para tal fin, os centros comunicarán as solicitudes que se presenten facendo uso desta reserva e trasladarán a documentación acreditativa á comisión autonómica de escolarización. Esta valorará, en función do grao de discapacidade acreditado mediante certificado da condición de minusvalía, emitido polo órgano competente, as limitacións para poder cursar con aproveitamento as ensinanzas, co obxecto de garantir a eficacia da formación e do posterior exercicio das competencias profesionais inherentes ó título.

Décimo terceiro.-Reclamacións e recursos.

1. Contra a resolución do consello escolar pola que se aproba e publica a relación provisional de solicitantes ordenados alfabeticamente con indicación da puntuación acadada e as opcións priorizadas, as persoas interesadas poderán presentar reclamación ante ese órgano colexiado no prazo de dous días, contados a partir da data de publicación, quen resolverá ó día seguinte de remata-lo prazo de reclamación.

2. Contra a resolución do consello escolar pola que se aproba e publica a relación definitiva de solicitantes admitidos a cada ciclo, poderase interpor recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional na forma prevista no artigo 114.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro). A resolución deste

recurso, que pon fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Décimo cuarto.-Matriculación.

1. As persoas admitidas nas distintas fases do proceso teñen a obriga de formaliza-la matrícula nos prazos que se indiquen, segundo o modelo do anexo I. Os que non fosen admitidos na praza solicitada en primeiro lugar poderán renunciar á praza outorgada; a dita renuncia implica tamén a renuncia a tódalas demais prazas solicitadas en opcións posteriores a esa, permanecendo nas listas de espera das opcións anteriores. Os solicitantes admitidos, que non se matriculen ou non presenten renuncia no prazo indicado, perderán o dereito á súa praza e procederase á súa escolarización ó final do proceso, se houberse vacantes.

2. Se unha vez iniciadas as actividades lectivas se observase a non incorporación ou a inasistencia continuada de determinados alumnos a estas, o centro docente deberá dirixirse ós interesados para que expoñan por escrito as razóns do dito absentismo. Cando a xuízo do centro non exista causa xustificada da ausencia, este recordarlle-la súa obriga de incorporarse inmediatamente ás actividades académicas do curso, coa advertencia expresa de que, no caso de non producirse esta no prazo de dous días naturais contados a partir da data do recibo desa notificación, procederase a realizar unha baixa de oficio. A súa praza será adxudicada seguindo as relacións de solicitantes ordenadas segundo baremo e publicadas na súa data. Este procedemento deberá estar concluído antes do 31 de outubro.

3. A formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quedará condicionada a que haxa un número mínimo de alumnos para cada un dos ciclos formativos de grao superior que a Administración educativa determine.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 7 de maio de 2001 pola que se regula a admisión do alumnado nos ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos e todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional a dictar tódalas normas precisas para o desenvolvemento desta orde, así como para fixar prazos diferentes dos previstos nesta disposición para a admisión de solicitudes e formalización de matrícula nas ensinanzas obxecto dela e para regular ofertas de formación profesional específica para determinados colectivos de poboación con necesidades especiais.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2002.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**SOLICITUDE DE MATRÍCULA
CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR
DE FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA**

Réxime

Ordinario

Adultos

CURSO					
20__20__					
CÓDIGO DO CENTRO					
NÚMERO DE EXPEDIENTE					

Centro: _____

Nº Inscripción: _____

Concello: _____ Provincia: _____ Adscrito ó: _____

DATOS DO ALUMNO

Apellido 1	Apellido 2	Nome	Teléfono urxencia			
			Pai	Nai	Titor	
Centro de procedencia						
Datos de nacemento						
Data de nacemento	Sexo	País	Nacionalidade	Provincia	Concello	Localidade (parroquia)
Documento identificación			Datos Seguridade Social			
Tipo (DNI-PASAPORTE)	Número	Número tarxeta sanitaria	NUSS			

DATOS FAMILIARES

Pai					
Apelidos e nome	Estudios	Profesión	DNI-PASAPORTE	Lugar de traballo	TELÉFONOS (familiar-traballo)
Nai					
Apelidos e nome	Estudios	Profesión	DNI-PASAPORTE	Lugar de traballo	TELÉFONOS (endereço-traballo)

Titor legal	Nº irmáns	Total irmáns	Irmáns menores	Nº irmáns no centro

ENDEREZOS¹ (envío de correspondencia): familiar pai nai

Familiar					
Enderezo (rúa,nº,andar)	Provincia	Concello	Localidade	Lugar	Código postal
Pai (se é distinto do familiar)					
Enderezo (rúa,nº,andar)	Provincia	Concello	Localidade	Lugar	Código postal
Nai (se é distinto do familiar)					
Enderezo (rúa,nº,andar)	Provincia	Concello	Localidade	Lugar	Código postal

ESTUDIOS ACHEGADOS

ESTUDIOS PARA OS QUE DESEXA FORMALIZAR A MATRÍCULA: Ciclo Formativo de Grao Superior

FAMILIA PROFESIONAL	CICLO FORMATIVO

O funcionario receptor

(Selo do centro)

FÁGOME RESPONSABLE DOS DATOS RECOLLIDOS NESTA SOLICITUDE.

SON COÑECEDOR DO ESTABLECIDO SOBRE A BAIXA DE OFICIO NO ARTIGO DÉCIMO CUARTO, 2, DA ORDE DO 14 DE ABRIL DE 2001.

_____ de _____ de 20__
Sinatura

¹ Poña unha X no recadro que corresponda

ANEXO II

Requisitos de acceso e criterios de admisión do alumnado a ciclos formativos de grao superior

Familia profesional	Ciclos formativos de grao superior	Criterios de admisión	
		-Modalidades de bacharelato -Opcións de COU	Materias de bacharelato
Actividades agrarias	Xestión e organización de empresas agropecuarias	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Ciencias da terra e do medio ambiente
	Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Ciencias da terra e do medio ambiente
Actividades físicas e deportivas	Animación de actividades físicas e deportivas	-Calquera modalidade de bacharelato -Opción A/B/C/D	-----
Actividades marítimo-pesqueiras	Navegación, pesca e transporte marítimo	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Debuxo técnico
	Producción acuícola	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Bioloxía
	Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Electrotecnia
Administración	Administración e finanzas	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-Economía e organización de empresas
	Secretariado	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-Economía e organización de empresas
Artes gráficas	Deseño e produción editorial	-Artes/ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	-Debuxo técnico
	Producción en industrias de artes gráficas	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Tecnoloxía industrial II
Comercio e marketing	Comercio internacional	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-Economía e organización de empresas
	Servicios ó consumidor	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-Economía e organización de empresas
	Xestión comercial e marketing	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-Economía e organización de empresas
	Xestión do transporte	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-Economía e organización de empresas
Comunicación, imaxe e son	Imaxe	-Artes/ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	-Física
	Produccións de audiovisuais, radio e espectáculos	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	-Economía e organización de empresas
	Realización de audiovisuais e espectáculos	-Artes/ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	-Física
	Son	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Física
Edificación e obra civil	Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Debuxo técnico
	Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Debuxo técnico -Mecánica
	Realización e planos de obra	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Debuxo técnico
Electricidade e electrónica	Desenvolvemento de produtos electrónicos	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Electrotecnia
	Instalacións electrotécnicas	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Electrotecnia
	Sistemas de regulación e control automáticos	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Electrotecnia
	Sistemas de telecomunicación e informáticos	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Electrotecnia
Fabricación mecánica	Construcións metálicas	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Debuxo técnico -Mecánica
	Desenvolvemento de proxectos mecánicos	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Debuxo técnico -Tecnoloxía industrial II
	Producción por fundición e pulvimetalurxia	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Tecnoloxía industrial II
	Producción por mecanizado	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Tecnoloxía industrial II
	Óptica de anteollaría	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Tecnoloxía industrial II
Hostalería e turismo	Aloxamento	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-----
	Animación turística	-Artes/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-Segunda lingua estranxeira
	Axencias de viaxes	-Humanidades e ciencias sociais -Opción C/D	-Xeografía
	Información e comercialización turísticas	-Artes/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-Historia da arte
	Restauración	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-----

Familia profesional	Ciclos formativos de grao superior	Criterios de admisión	
		-Modalidades de bacharelato -Opcións de COU	Materias de bacharelato
Imaxe persoal	Asesoría de imaxe persoal	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-----
	Estética	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-Bioloxía
Industrias alimentarias	Industria alimentaria	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química
Informática	Administración de sistemas informáticos	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	-----
	Desenvolvemento de aplicacións informáticas	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	-----
Madeira e moble	Desenvolvemento de produtos en carpintería e moble	-Artes/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	-Debuxo técnico
	Producción de madeira e moble	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Tecnoloxía industrial II
Mantemento de vehículos autopropulsados	Automoción	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Electrotecnia -Mecánica
	Mantemento aeromecánico	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Electrotecnia -Mecánica
	Mantemento de aviónica	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Electrotecnia
Mantemento e servizos á produción	Desenvolvemento de proxectos de instalacións de fluídos, térmicas e de manutención	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Tecnoloxía industrial II
	Mantemento de equipo industrial	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Tecnoloxía industrial II
	Mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Tecnoloxía industrial II
	Prevenición de riscos profesionais	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	
Química	Análise e control	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química
	Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química
	Industrias de proceso de pasta e papel	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química
	Industrias de proceso químico	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química
	Plásticos e caucho	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química
	Química ambiental	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química
Sanidade	Anatomía patolóxica e citoloxía	-Ciencias da natureza e da saúde -Opción A/B	-Bioloxía
	Audiopróteses	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Física
	Dietética	-Ciencias da natureza e da saúde -Opción A/B	-Bioloxía
	Documentación sanitaria	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais -Opción A/B/C/D	-----
	Hixiene bucodental	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Bioloxía
	Imaxe para o diagnóstico	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-----
	Laboratorio de diagnóstico clínico	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Bioloxía
	Ortoprotésica	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Debuxo técnico
	Próteses dentais	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-----
	Radioterapia	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-----
	Saúde ambiental	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Ciencias da terra e do medioambiente
Servizos socioculturais e á comunidade	Animación sociocultural	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	-----
	Educación infantil	-Calquera modalidade de bacharelato -Opción A/B/C/D	-----
	Integración social	-Ciencias da natureza e da saúde/humanidades e ciencias sociais/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	-----
	Interpretación da lingua de signos	-Calquera modalidade de bacharelato -Opción A/B/C/D	-----

Familia profesional	Ciclos formativos de grao superior	Criterios de admisión	
		-Modalidades de bacharelato -Opcións de COU	Materias de bacharelato
Téxtil, confección e pel	Curtidos	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química
	Patronaxe	-Artes/ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B/C/D	-Debuxo técnico
	Procesos de confección industrial	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Debuxo técnico
	Procesos de ennobrecemento téxtil	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química
	Procesos téxtiles de fiatura e teceduría de calada	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Tecnoloxía industrial II
	Procesos téxtiles de teceduría de punto	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Tecnoloxía industrial II
Vidro e cerámica	Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química
	Fabricación e transformación de produtos de vidro	-Ciencias da natureza e da saúde/tecnoloxía -Opción A/B	-Química

ANEXO III

Equivalencias entre as modalidades do bacharelato experimental regulado pola Orde ministerial do 21 de outubro de 1986 e as modalidades do bacharelato establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro

Bacharelato experimental	Bacharelato LOXSE
Artístico	Artes
Ciencias da natureza	Ciencias da natureza e da saúde
Administración e xestión	Humanidades e ciencias sociais
Ciencias humanas e sociais	
Lingüístico	
Técnico industrial	Tecnoloxía

Resolución do 20 de marzo de 2002, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se autoriza a transformación dunha unidade de formación profesional de segundo grao nun ciclo formativo de grao medio ó centro privado Technical School da Coruña.

Examinada a solicitude formulada polo titular do centro privado Technical School da Coruña, que solicita a transformación dunha unidade de formación profesional de segundo grao da rama administrativa e comercial, nun ciclo formativo de grao medio de comercio.

Vistos o Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño, (BOE do 26 de xuño), Real decreto 1487/1994, do 1 de xullo (BOE do 28 de xullo), Real decreto 777/1998, do 30 de abril (BOE do 8 de maio), Orde do 7 de xaneiro de 1997 (DOG do 21 de xaneiro), pola que se regula a adecuación das autorizacións dos centros privados de formación profesional de primeiro grao autorizados ou con clasificación definitiva e mailas dos centros de formación profesional de segundo grao homologados para implanta-los ciclos formativos de grao medio.

Considerando que a mencionada solicitude se axusta á lexislación vixente.

Esta dirección xeral, en virtude do establecido na disposición derradeira primeira da referida Orde do 7 de xaneiro de 1997,

RESOLVE:

Autoriza-la transformación dunha unidade de FP2 da rama administrativa e comercial nun ciclo for-

mativo de grao medio de comercio, segundo os datos que se relacionan no anexo.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2002.

Alberto González Armesto

Director xeral de Centros e Inspección Educativa

ANEXO:

Provincia: A Coruña.

Localidade: A Coruña.

Centro: Technical School.

Código do centro: 15005294.

-1 unidade de FP2 da rama: administrativa e comercial.

Transfórmase en:

-1 ciclo formativo de grao medio de comercio da familia profesional de comercio e marketing.

Composición resultante:

-2 ciclos formativos de grao medio de xestión administrativa.

-2 ciclos formativos de grao medio de comercio.

Resolución do 19 de abril de 2002, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se determinan as datas e condicións para a realización das probas extraordinarias de avaliación do curso de orientación universitaria establecidas pola Orde do 28 de xuño de 2001.

A Orde do 28 de xuño de 2001 (DOG do 24 de xullo) establece as medidas extraordinarias para completar, durante o curso 2001-2002, as ensinanzas do curso de orientación universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O seu artigo 6 determina que o alumnado que reúna certas condicións e formalizara a súa matrícula no prazo establecido no artigo 5, poderá realizar probas extraordinarias de avaliación das materias que teña suspensas.